

MEMORIA ANO 2013

SERVICIO DE ATENCIÓN TEMPERÁ DA MANCOMUNIDADE
DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE ORDES



ANTECEDENTES

O Servizo de Atención Temperá da Mancomunidade de Ordes, situado no concello de Ordes funciona para toda a comarca dende outubro de 2008.

O obxectivo principal do servizo é atender ás necesidades de intervención de contido social que se detectan nas familias dos nenos e nenas da comarca de Ordes para complementar a atención sectorial que se presta dende os ámbitos sanitario e educativo, abordando a prevención en todos os seus grados , primaria , secundaria e terciaria.

O servizo ten como pilares fundamentais os principios recollidos no “Libro Blanco de Atención Temprana” e segue as recomendacións técnicas e os estándares de calidade publicados polo Real Patronato de Discapacidade.

POBOACIÓN DESTINATARIA

Poboación infantil de 0 a 6 anos da comarca de Ordes

- nenas e nenos con trastornos ou necesidades permanentes.
- nenas e nenos con trastornos ou necesidades transitorias.
- nenas e nenos en risco biolóxico ou social.

Poboación infantil de 7 a12 anos con discapacidade (certificado de minusvalía superior ó 33%) que precise intervención especializada.

OBXETIVOS XERAIS DO SAT

- 1.Ofrecer unha intervención especializada de cara o óptimo desenvolvemento dos nenos e nenas.
2. Actuar como medida de prevención da dependencia social e de promoción do benestar.
3. Promover a integración dos nenos e nenas con discapacidade ou desenvolvemento atípico no seu entorno próximo.

Dende o SAT tratase de acadar o obxetivos seguindo as recomendacións da Comisión Europea dende a cal se establece como obxetivos principais da Atención temperá mediante os seguintes tipos de actuacións

Multidimensionais

Centradas na familia e no entorno natural do menor

Planificadas na programación individual de traballo

FUNCIÓNS DO SERVIZO

1. Valoración e atención de situacións de risco para o desenvolvemento do neno/a.
2. Valoración para a intervención nas dificultades en distintas áreas do desenvolvemento: psicomotora, cognitiva, comunicativa e adaptativo-social.
3. Tratamento individual e específico para cada neno/a, a súa familia e o seu entorno.
4. Colaboración e asesoramento técnico coas entidades sanitarias, sociais e educativas para a integración do neno e para a prevención de situacións de risco.
5. Divulgar e informar en todos os ámbitos sanitarios, educativos e sociais sobre a importancia da detección, prevención e intervención precoz.

PROFESIONAIS

- Un Licenciado en Psicoloxía
- Un Diplomado en Logopedia
- Un Diplomado en Traballo Social

METODOLOXÍA

Eixo individual

A metodoloxía da intervención individual establécese da seguinte maneira:

1. Detección do trastorno.
2. Estudio e diagnose contrastada.
3. Programa de intervención individual.
4. Seguimento da intervención.
5. Avaliacións parciais do plan de intervención
6. Avaliación final.
7. Alta no servizo e/ou derivación a outros servizos.
8. Seguimento (de selo caso).




Gráfico 1: Esquema da intervención no SAT

Eixo comunitario

A metodoloxía da intervención comunitario establécese da seguinte maneira:

1. Elaboración dos materiais específicos: guías.
2. Organizar e executar as actividades divulgativas/ comunitarias:
 - Envío das guías
 - Actualización da páxina web.
 - Posta en marcha do programa “Aprendemos coa nosa tradición”

- Elaboración e divulgación da guía de 3 a 6 anos do programa "Dende a casa"
- Elaboración do material e sesión con dinamicas de grupo: Taller de pragmática

MEMORIA DE ACTIVIDADES

POBOACIÓN ATENDIDA. USUARIOS 2013

Número nenos e nenas e as súas familias atendidos durante o ano 2013	131
Número de entradas durante o 2013	42
Número de altas durante o 2013	42

PRESTACIÓNS INDIVIDUAIS. DETALLE CUANTITATIVO (a 21/12/2012)

Mes	Entrevistas iniciais/acollida Sesiões de valoración e devolución de resultados	Sesiões intervención de	Sesiões seguimento/orientac	Accións coordinación de
Xaneiro	12	152	8	4
Febreiro	14	168	3	1
Marzo	6	174	2	1
Abril	6	182	3	8
Maio	22	216	10	6
Xuño	14	19	6	0
Xullo	18	198	8	1
Agosto	20	221	3	1
Setembro	14	164	6	3
Outubro	16	168	4	11
Novembro	18	178	9	6
Decembro	8	136	12	3
Total	168	1976	74	45

Accións Comunitarias:

-Taller de grupo de Habilidades Sociais e Pragmática durante os meses de Xullo e Agosto. Realizaronse sete sesións de grupo con usuarios do servizo con dificultades na súa relación e/ou habilidades pragmáticas para favorecer o seu desenvolvemento social.

-Elaboración da guía de 3 a 6 anos do programa “ Dende a casa” durante os meses de febreiro a maio.

-Distribución da guía de 3 a 6 anos do programa “ Dende a casa” durante os meses de Xullo e Agosto.

- Elaboración da guía “ Aprendemos coa nosa tradición” dende Agosto a Decembro.

- Elaboración de dous artigos (O xogo, e a Hiperatividade) de decembro a xaneiro

- Recollida e organización da información relativa as entradas e saídas dos usuarios do SAT, De Xaneiro a Decembro.

- Elaboración de base de datos dos usuarios do SAT , así como o seguimento de Xaneiro a Decembro




Grafico2: Distribución das prestacións 2012

Detalle accións de coordinación por meses. Entrevistas presenciais e accións de coordinación.

Mes	Entrevistas/reunións de coordinación
Xaneiro	Colexio Cerceda Colexio Trazo e ASPANAES Colexio A Seonlla Colexio Sigüeiro e ASPANAES
Febreiro	Colexio Campomaior
Marzo	Equipo SSSS Comunitarios Mancomunidade: programa CRA Oroso
Abril	Colexio Sigüeiro e Down Compostela Consellería Benestar: carteira de servizos dependencia Escola Infantil "A Ulloa" PAI Trazo Colexio Sigüeiro Colexio Trazo Unitaria Queixas (Cerceda) Monitor Piscina Municipal.
Maiο	Colexio Cerceda Colexio A Silva Colexio Campomaior Servizos Sociais Oroso: traballador social e educadora familiar Colexio Ramón de la Sagra Colexio Tordoia
Xullo	Escola Infantil Sorrisos
Agosto	Escola Infantil Pillabáns
Setembro	Centro psicopedagógico Escola Infantil Sorrisos Educadora Familiar Tordoia
Outubro	PAI Trazo Colexio Tordoia Colexio Castelao Colexio Campomaior Colexio Castelao Colexio A Silva Colexio Cerceda Colexio Sigüeiro Colexio Trazo Colexio Ramón de la Sagra Reunión CEFINE
Novembro	Colexio A Barcia Colexio San Jorge Colexio Sigüeiro e Down Compostela Escola Infantil Sorrisos Colexio Xanceda

	Centro psicopedagógico privado
Decembro	Colexio Méson do Vento
	Centro psicopedagógico privado
	Colexio Campomaioir
Total	45

**Nesta táboa non se reflexan as acción de coordinación vía informe , nin coordinación vía telefónica ou mail.*

Media mensual de prestacións

Entrevistas iniciais/acollida /Sesións de valoración devolución de resultados	2,01%
Sesións de intervención	23,71%
Sesións de Orientación e seguimento	6,1%
Accións de coordinación	3,75%

- Nesta taboa non se rexistra a elaboración de informes e programacións correspondentes a cada un dos usuarios .*

Eixo comunitario

A metodoloxía desta intervención establécese de maneira específica para cada acción

Elaboración do programa “Dende a casa”. Guías páxina web para pais de nenos de tres a 6 anos. Envío de guías as familias e presentación ante as familias.

Elaboración do programa versado sobre “ Aprendemos coa nosa tradición” (cancións , retahílas, xogos tradicionais...)

ACTUACIONES DE CALIDADE. INDICADORES:

1. Formación e outras accións :

Xornadas Adopción Universidade da Coruña: 20 e 27 de Setembro do 2013

Curso de Intervención Familiar en Atención Temperá, 5 de Outubro do 2013

Xornadas Abuso e Maltrato Infantil, COPG: 25 e 26 de Outubro do 2013

Curso Pragmática, FEGAS: 22 de Novembro do 2013

Xornadas galegas Dislexia. 19 de Outubro do 2013

Curso Disfemia, CPLGA: 23 de Novembro do 2013

Presentación Indicadores do desenvolvemento da linguaxe, signos de alarma. Salón Infantil de Galicia. 14 de Decembro do 2013.

Mestrado en Estudos Avanzados sobre a Linguaxe, a Comunicación e as súas patologías. Curso 2012-2013 e curso 2013-2014.

Colaboración como membro da xunta directiva de AGAT (Asociación Galega de Atención Temperá)

Colaboración como membro da xunta directiva co CPLGA (Colexio Profesional de Logopedas de Galicia)

3. Compromiso co emprego da lingua galega no servizo

No servizo de Atención Temperá usase o galego como lingua de referencia para a elaboración de informes e programacións individuais correspondentes ós usuarios do servizo, así como nas sesións de intervención directa realizadas, tanto no eixo individual como no eixo comunitario.

Tamén se empregou a lingua galega programa divulgativo “Dende a casa”.

Ordes . 17 de xaneiro de 2013

A psicóloga do servizo de Atención Temperá

A Logopeda do servizo de Atención Temperá

Raquel Boquete Orgeira
Nº Colex. G-3443

Iria Botana Lois
Nº Colex: 15/004